



XUNTA DE GALICIA

AUGAS DE GALICIA. ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA NORTE

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Andrés López Blanco S.L. solicita de Augas de Galicia por atoparse nas marxes do río Loiba, a autorización de obras, na parcela de referencia catastral 01766486PJ316N0001DP, no lugar de parroquia de Covas (San Xoán), no concello de Viveiro, (Lugo). O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.90997.

As obras solicitadas consisten en "repoñer as cousas o seu primitivo estado nos termos previstos no artigo 90 e seguintes da LAG"DH.D27.82173.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Viveiro ou nas oficinas deste servizo, situadas na R/ Vicente Ferrer 2, 9º andar, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

A Coruña, 19 de setembro do 2023.- A/o xefa/e do Servizo Territorial, Néstor Rodríguez Arias.

R. 3040

CONCELLOS

BEGONTE

Anuncio

Aprobados por Decreto de Alcaldía os padróns do mes de setembro de 2023, correspondentes ás actividades socioculturais e deportivas do curso 2023/2024, por un importe total de 1789,38€.

Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao de inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra os mesmos.

Dado que os recibos están domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 26 de setembro de 2023.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 3041

O CORGO

Anuncio

Fanse públicas as bases que de seguido se transcriben, aprobadas por Resolución da Alcaldía do día 26 de setembro de 2023:

BASES QUE REXERÁN O PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL FIXO: TRABALLADOR SOCIAL - POSTO DE APOIO DO CONCELLO DO CORGO.

PRIMEIRA.- NORMAS XERAIS

1.1. Obxecto: Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección do seguinte persoal laboral fixo para os Servizos Sociais Comunitarios Básicos:

1. TRABALLADOR SOCIAL – POSTO DE APOIO: 1 posto.

Así mesmo, o presente procedemento selectivo servirá de bolsa para contratacións de duración determinada nos supostos regulados no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado do traballo, conforme ao establecido na base novena ou execución de programas de carácter temporal, de conformidade co establecido no Real Decreto Lei 5/2015.

1.2. Normas de aplicación: As probas selectivas regularanse polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas polo establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 13 de xuño; no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP); na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia; na Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (LEPG); na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do Traballo en Igualdade das Mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos ao que debe axustarse o procedemento de selección do persoal funcionario da Administración Local; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, e no non previsto nel, no Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado, Decreto autonómico 192/2015, de 29 de outubro, polo que se define a Carteira de Servizos Sociais de Familia, Infancia e Adolescencia e demais disposicións aplicables.

1.3. O sistema de selección do persoal aspirante será de concurso-oposición.

1.4. A presente convocatoria e bases publicarase íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web (www.concellodocorgo.com) e no taboleiro de anuncios do concello e taboleiro de edictos da sede electrónica do Concello do Corgo (concellodocorgo.sedelectronica.gal, respectivamente). O resto das publicacións a que faga referencia a lexislación vixente tamén se publicarán nos citados medios.

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS: FUNCIÓNS.

As funcións a desempeñar serán as de traballador/a social dos Servizos Sociais comunitarios básicos dentro do programa de valoración, orientación e información en materia social ás persoas, grupos ou á comunidade en xeral, e a xestión do programa do Servizo de Axuda no Fogar en xestión directa, así como o desenvolvemento das funcións establecidas no Decreto 99/2012, de 16 de marzo.

A xornada laboral será a xornada completa.

TERCEIRA.- CONDICIÓNS OU REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

Para participar nas probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do EBEP e Art 50 e 52 da LEPG, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.

a.3) As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros de la Unión Europea, sempre que no estean separadas de dereito.

a.4) As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.

a.5) As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.

a.6) As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectada por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de persoa con discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. As persoas aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

Os aspirantes cun grao de minusvalidez igual ao superior ao 33% **deberán indicalo expresamente na solicitude**, especificando claramente o tanto por cento de discapacidade recoñecido polo órgano competente, acompañándoa da correspondente certificación acreditativa do grao e tipo de minusvalidez, poderán solicitar as posibles adaptacións de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios en que esta adaptación sexa necesaria.

c) **Idade**: ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) **Habilitación**: non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitada ou en situación equivalente nin ter sido sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) **Titulación**: Estar en posesión ou estar en condicións de obter, ao día de publicación desta convocatoria no BOP de Lugo, o título de diplomatura en Traballo Social ou graduado nunha titulación equivalente da rama de ciencias sociais e xurídicas. Entenderase por equivalente as titulacións que a consecuencia da implantación dos novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron a substituír ás titulacións extinguidas, que habilite para exercer como traballador social.

f) Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de Celga 4 (ou o curso de perfeccionamento, nos termos establecidos na disposición adicional 2ª da Orde de 16 de xullo de 2007). Non obstante, no caso de non poder acreditar este título, poderase acreditar no primeiro exercicio do sistema selectivo que se indica na cláusula seguinte.

CUARTA. SOLICITUDES

4.1. A solicitude para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustarase ao modelo que figura como Anexo II das presentes Bases e dirixirse ao Sr. Alcalde do Concello do Corgo.

Presentarase, debidamente cuberta, no Rexistro Xeral do Concello ou a través da súa sede electrónica, antes indicada, no prazo de **VINTE (20) días naturais** contados a partir do seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE). Tamén se poderán remitir na forma determinada no artigo 16.4 da LPAC.

4.2 Ás solicitudes achegaranse os documentos que a continuación se indican e de acordo coa seguinte orde:

a) Declaración na que manifesten que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base 3ª, referidos sempre ao día en que remate o prazo de presentación de instancias.

b) Documentación fidedigna que acredite o coñecemento da lingua galega nivel CELGA 4 ou superior ou equivalente. No caso de non posuír esta acreditación, deberase superar unha proba de coñecemento da lingua galega.

c) Aos efectos de valoración na fase de concurso, acompañarase da acreditación da experiencia profesional en postos de traballo como Traballador Social. Acreditarase coa seguinte documentación: certificación de vida laboral que se acompañará necesariamente con contratos de traballo, certificados de empresa ou nomeamento como funcionario e toma de posesión.

QUINTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de 20 días hábiles, declarando aprobada a lista provisoria de persoas admitidas e excluídas. Esta resolución publicarase no Boletín Oficial de Provincia, no taboleiro de edictos da casa do Concello *e no taboleiro de anuncios da sede electrónica*, sinalándose un prazo de dez (10) días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución no BOP, conforme ao disposto no art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en sucesivas citas LPAC), para que as persoas aspirantes excluídas poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Na publicación indicarse o nome e apelido, e DNI das persoas aspirantes, con indicación das que non precisan a realización do exercicio de galego.

Para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, o Alcalde ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co establecido na LPAC, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no Art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento e pasarase á seguinte persoa candidata con maior puntuación que tivese superado as probas.

Na resolución pola que se publicarán as listas definitivas indicaranse as persoas candidatas que estean eximidas da obriga de realizar o exercicio de coñecemento do galego.

Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) das persoas candidatas que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación. As persoas candidatas autorizan o tratamento deste datos para a finalidade indicada.

SEXTA. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal estará constituído por un número impar de persoas funcionarias de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse un número suficiente de suplentes, unha das cales actuará exercendo a presidencia e a outra a secretaría do tribunal.

O Alcalde nomeará por decreto ás persoas que compoñerán o tribunal e aos seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, que será publicado no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos do concello, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web.

Unha vez constituído o Tribunal, este decidirá a data de celebración da primeira proba, que non poderá ser inferior a 3 días nin superior a 80 días desde a data da súa constitución.

Consonte ao establecido no devandito artigo, o tribunal terá a seguinte composición:

Presidencia: persoa funcionaria de carreira ou persoal laboral fixo de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Secretario: o da Corporación ou outro funcionario da escala de administración local con habilitación de carácter nacional, Secretario ou Secretario-Interventor, ou doutra escala.

Vogais: tres persoas funcionarias de carreira públicas ou persoal laboral fixo de titulación igual ou superior ao grupo esixido para o acceso ás prazas convocadas.

Na designación do tribunal garantirase a súa composición paritaria entre homes e mulleres, con só unha diferenza dunha persoa entrámbolos dous sexos, ó ser a súa composición impar.

As persoas que compoñan o tribunal deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outono, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 da citada lei. Conforme ao establecido no Art. 59.2 de la lei 2/2015, de emprego público de Galicia, ademais deberán de absterse de actuar aqueles membros do tribunal que realizaran, durante os cinco anos anteriores á convocatoria, tarefas de preparación de persoas aspirantes ou colaboraran durante ese prazo con centro de preparación de opositores para prazas obxecto ou similares ás que se refire o procedemento selectivo convocado.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do presidente e do secretario ou das persoas que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outono, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa sinatura do secretario e co Vº Pº do Presidente.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de persoal asesor especialista para as probas en que así o estime necesario ou conveniente. Os ditos persoal asesor, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

As persoas que compoñan o tribunal así como as que exerzan asesoría ou colaboración que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas.

Aos efectos da percepción das asistencias ao tribunal clasifícase a este órgano como de categoría segunda das contempladas no Art. 30 do citado Real decreto 462/2002, de 24 de maio.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

O tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que o exercicio da fase de oposición, agás naqueles casos nos que estea prevista a lectura pública, sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes, utilizando para iso os impresos adecuados, excluindo a aquelas persoas candidatas que consignaran marcas ou signos nos seus exercicios que permitan coñecer a súa identidade.

SÉTIMA. DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS

O primeiro exercicio realizarase **no prazo máximo de 80 días naturais** desde a constitución do tribunal que xulgue as probas, anunciándose con dous días naturais de antelación, como mínimo, o comezo do primeiro exercicio, na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios do concello e da sede electrónica o día, hora e lugar onde se celebrará a proba.

Os anuncios sucesivos publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e no lugar onde se realizou o exercicio e tamén na citada páxina web.

Dende a total conclusión dun exercicio ata o comezo do seguinte deberá de transcorrer un prazo mínimo de corenta e oito horas e máximo de corenta días naturais, sen prexuízo de que se publicará no taboleiro de anuncios, no lugar de exame e na páxina web.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos de DNI ou documento oficial e fidedigno (pasaporte, carné de conducir...), acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridas polo tribunal coa finalidade de acreditar a súa identidade.

As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en único chamamento, sendo excluídas da oposición as que non comparecesen, agás nos casos debidamente xustificadas e libremente valorados polo tribunal. As xustificacións ou probas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ao que non compareceran.

As persoas opositoras poderán desenvolver os exercicios de que conste o procedemento selectivo tanto en lingua galega como en lingua castelá, a súa libre elección.

O tribunal adoptará as medidas necesarias para que aquelas persoas aspirantes que teñan algunha discapacidade que dificulten o desenvolvemento das probas gocen de similares condicións para a realización dos exercicios ás das restantes participantes. Para isto cómpre que as persoas aspirantes indiquen na solicitude de participación no proceso selectivo o tipo e grao de discapacidade e, polo tanto, con carácter previo ás adaptacións que estime necesarias o tribunal de selección.

OITAVA. SISTEMA DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN DOS EXERCICIOS.

O sistema de selección das persoas aspirantes a persoal técnico de atención á infancia será o de concurso-oposición.

I. FASE DE OPOSICIÓN. En primeiro lugar realizarase a fase de oposición, que constará dos seguintes exercicios:

PRIMEIRO EXERCICIO: De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na exposición por escrito, en lingua galega ou en castelán, durante un período máximo de 2 horas, dous temas elixidos publicamente ao chou, de entre os do programa que figura no Anexo I, un deles da parte xeral e outro da parte específica. As persoas candidatas deberán realizar o exercicio, obrigatoriamente, de maneira equilibrada en relación a todas ás epígrafes do tema que resulte elixido.

Para a execución deste exercicio, o persoal opositor non poderá utilizar ningún recurso de apoio, agás un bolígrafo azul e aquel que facilite o tribunal, nin tampouco material de consulta.

Finalizado o tempo de execución do exercicio, as persoas candidatas introducirán nun sobre o seu exame, pechándoo e asinándoo xunto con algunha das persoas que compoñan o tribunal.

As persoas opositoras deberán ler ante o tribunal, en sesión pública, o exercicio realizado.

A tal efecto o tribunal sinalará, por medio de anuncio no taboleiro de edictos do concello, da sede electrónica e na páxina web do concello, o día, hora e lugar en que comezará a lectura dos exames realizados.

A orde de actuación do persoal aspirante iniciarase alfabeticamente por quen teña como inicial do primeiro apelido a **letra A**. No caso de que non haxa persoal aspirante cuxo apelido empece pola letra indicada, iniciará a orde de actuación coa letra ou letras seguintes.

O tribunal disporá dos medios necesarios para cotexar que a lectura que realiza a persoa aspirante se corresponde co exercicio escrito que realizou.

Este exercicio cualificarase de **0 a 10 puntos**, sendo preciso para superalo obter a nota mínima de 5 puntos.

Corresponderá ó tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para acadar a puntuación mínima para superar esta proba.

Valoraranse os coñecementos teórico-científicos e a comprensión da materia, a capacidade, a claridade expositiva e de ideas, precisión e rigor na exposición e a calidade ortográfica e da expresión escrita.

A tal efecto, no acto de lectura os membros do Tribunal poderán formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada de xeito que lle permita aplicar axeitadamente os criterios de cualificación indicados no parágrafo anterior. Os citados criterios aplicaranse segundo se indica no Anexo III.

A cualificación resultará da suma das puntuacións outorgadas polos distintos membros do tribunal e dividindo o total polo número de asistentes daquel, sendo o cociente a cualificación definitiva deste exercicio. Realizada a cualificación o Tribunal reflexará na acta a puntuación final resultante conforme aos criterios establecidos no Anexo III que se incorporará á acta da sesión.

As cualificacións deste exercicio publicaranse, en todo caso, no taboleiro de anuncios do concello e da sede electrónica e na páxina web municipal.

SEGUNDO EXERCICIO: Obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na realización, durante un período máximo de 90 minutos, dun suposto práctico proposto polo Tribunal en relación co temario da convocatoria.

Para a execución deste exercicio, o persoal opositor non poderá utilizar ningún recurso de apoio, agás un bolígrafo azul e aquel que facilite o tribunal, nin tampouco material de consulta.

Cualificarase o exercicio segundo se indica no Anexo III.

Posteriormente, e incluso o mesmo día da redacción da proba, as persoas aspirantes serán convocadas polo tribunal para a lectura e defensa do suposto, na data que determine este.

A orde de actuación do persoal aspirante iniciárase alfabeticamente por quen teña como inicial do primeiro apelido a **letra A**. No caso de que non haxa persoal aspirante cuxo apelido empece pola letra indicada, iniciará a orde de actuación coa letra ou letras seguintes.

Ao acto de lectura público poderán asistir as demais persoas participantes neste proceso selectivo.

Este exercicio valorarase de **0 a 10 puntos**, sendo necesario obter unha puntuación mínima de 5 puntos para non quedar eliminado do proceso de selección. Corresponderá ao Tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para acadar a puntuación mínima para superar esta proba.

A cualificación desta proba práctica resultará da suma das puntuacións outorgadas polos distintos membros do tribunal e dividindo o total polo número de asistentes daquel, sendo o cociente a cualificación definitiva deste exercicio. As cualificacións finais deste exercicio publicaranse, en todo caso, no taboleiro de anuncios do concello e da sede electrónica e na páxina web municipal. Realizada a cualificación o Tribunal reflexará na acta a puntuación final resultante conforme aos criterios establecidos no Anexo III que se incorporará á acta da sesión conforme aos criterios establecidos no Anexo III que se incorporará á acta da sesión

TERCEIRO EXERCICIO: obrigatorio e eliminatorio para aquelas persoas que non poidan acreditar o coñecemento de galego no nivel CELGA 4 ou equivalente.

Consistirá en dúas probas:

primeira proba: consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal.

segunda proba: consistirá na tradución dun texto do galego para o castelán elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal.

O tempo máximo para a realización das dúas probas, en que consiste este exercicio, será dunha hora e media.

Neste exercicio valorarase a correcta expresión gramatical e ortográfica, que acredite a competencia das persoas opositoras nas dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a execución deste exercicio, o persoal opositor non poderá utilizar ningún recurso de apoio, agás un bolígrafo azul e aquel que facilite o tribunal, nin tampouco material de consulta.

Cada unha das probas de que consta este terceiro exercicio puntuarase ata un máximo de 10 puntos. Para obter a cualificación de apto/a será necesario acadar unha puntuación media de 5 puntos.

Corresponderalle ao tribunal determinar o nivel mínimo de coñecemento esixido para acadar o resultado de apto/a e superar este exercicio.

II. FASE DE CONCURSO. Rematada a fase de oposición, o tribunal valorará os méritos das persoas candidatas que superaron a fase de oposición. A puntuación total máxima da fase de concurso será de **10 PUNTOS**.

Os méritos a valorar serán os seguintes:

A. EXPERIENCIA PROFESIONAL: Experiencia en postos de traballo como Traballador Social. **Ata un máximo de 7 puntos**, valorándose do seguinte xeito:

- Experiencia en postos de traballo de traballador/a social desempeñados en calquera administración pública ou en empresas privadas, a razón de 0,10 puntos por mes completo traballado.

Para esta valoración dividírase o total de días traballados entre 30 e o resultado multiplicarase pola puntuación correspondente.

Só computarán os méritos acreditados na data de finalización de presentación de solicitudes.

A acreditación do tempo de traballo desempeñado, realizarase mediante certificado de empresa no que conste o posto de traballo desempeñado, duración dos servizos, distinguindo se se desempeñaron a tempo completo ou parcial. Neste caso, deberase expresar o nº de horas ou porcentaxe da xornada con respecto á legal. No seu defecto, tamén poderá acreditarse cos contratos laborais debidamente autenticados acompañados, en ámbolos dous casos, da vida laboral, expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, na que deberá constar a porcentaxe da xornada con respecto á total.

B. - Pola realización de **CURSOS DE FORMACIÓN** relacionados co posto de traballo a desempeñar (non se valorará máis dun curso con igual contido), **ata un máximo de 3 puntos**. Valoraranse os cursos que aporten os candidatos/as na forma que se indica a continuación:

De menos de 10 horas: 0,10 puntos/ curso.

De 11 a 50 horas lectivas: 0,50 puntos/ curso. De 51 a 100 horas lectivas: 1,00 puntos/curso De máis 100 horas lectivas: 1,50 puntos/curso

Valorarase a realización de cursos homologados polas diferentes administracións públicas ou outras entidades do sector público ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias do posto convocado.

Só computarán os cursos acreditados na data de finalización de presentación de solicitudes.

Aos efectos de evitar unha documentación innecesaria se indica que non puntuarán:

- As xornadas.
- Os cursos que non teñan relación directa coas funcións propias do posto convocado.
- Os cursos que teñan idénticos contidos, aínda que se desenvolveran en datas distintas. Neste suposto só puntuará un deles, que será o de data máis recente.
- Os cursos cuxos certificados ou diplomas non veñan compulsados ou autenticados.

NOVENA. RELACIÓN DE APROBADOS.

O resultado final do procedemento virá determinado pola suma da puntuación obtida na fase de oposición (puntuación obtida no primeiro exercicio máis a obtida no segundo exercicio) máis a obtida na fase de concurso.

No suposto de empate na puntuación total de dúas ou máis persoas aspirantes, resolverase a favor da persoa aspirante que obtivese a puntuación máis alta no primeiro exercicio da oposición e, se iso non fora suficiente, pola maior puntuación obtida no segundo exercicio, e de persistir o empate, decidirase ao chou.

Finalizadas as probas selectivas, o tribunal fará pública a relación definitiva das puntuacións obtidas na fase de oposición xunto coa obtida na fase de concurso polas persoas aspirantes que superaran a fase de oposición. Só superará o proceso selectivo a persoa candidata aprobada con maior puntuación total no concurso-oposición.

Esta relación xunto coa proposta de contratación como persoal laboral fixo da persoa candidata aprobada elevarase ao señor Alcalde.

O tribunal non poderá declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao da praza que se convoca con dotación orzamentaria.

Malia o anterior, e co fin de asegurar a súa cobertura, cando se produzan renuncias das persoas seleccionadas antes do seu nomeamento, toma de posesión ou formalización do contrato, non acrediten os requisitos establecidos na convocatoria ou non tomen posesión, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección unha relación complementaria das persoas aprobadas que sigan ás propostas, para o seu posible nomeamento como persoal laboral fixo para a praza convocada.

Ademais, confeccionarase unha bolsa de emprego coa relación das persoas aspirantes que superaron os dous exercicios da fase de oposición e pola orde decrecente de puntuación total obtida, co obxecto de cubrir mediante contrato de duración determinada, no caso de que se precisase, nos supostos regulados no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado do traballo.

DÉCIMA. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

A persoa aspirante proposta achegará no prazo de vinte (20) días naturais, contados a partir da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Rexistro Xeral do Concello, os documentos seguintes:

1. Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para a súa compulsa) do DNI ou pasaporte.

Ademais, a persoa aspirante estranxeira deberá presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ó cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e

ratificados por España, sexa de aplicación á libre circulación de traballadores ou acreditar algún dos requisitos aos que se refire a base terceira, apartados a.3), a.4) e a.5).

2. Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

3. Declaración xurada de non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitada ou en situación equivalente nin ter sido sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.

4.- Título esixible na base terceira.

5.-Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente referido ao momento da súa toma de posesión.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, e agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma se deduza que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, a persoa seleccionada non poderá ser contratada e quedarán anuladas as actuacións con respecto a esta persoa candidata, procedéndose a nomear á que lle siga na lista por orde de puntuación nas cualificacións, sempre que superara a totalidade dos exercicios, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrera aquela por falsidade na solicitude de participación.

UNDÉCIMA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación por parte das persoas interesadas e sendo esta conforme, o alcalde decretará a contratación da persoa seleccionada e procederase á formalización do contrato laboral fixo (indefinido a tempo completo) conforme á lexislación vixente.

DUODÉCIMA. IMPUGNACIÓN.

Os interesados poderán interpoñer, ante o alcalde do concello, recurso dealzada contra os actos administrativos ditados polo tribunal, nos termos e prazos establecidos no Art. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que terá que fundarse nos supostos de nulidade e anulabilidade establecidos nos artigos 47 e 48 .

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpor polas persoas interesadas lexitimadas os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recuso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP. Se transcorrera un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que este fora resolto, poderá entenderse que foi desestimado e interpor recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.
- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpostos polas persoas interesadas os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outono, e na Lei 29/98, de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa

ANEXO I

TEMARIO

PARTE XERAL

1. A organización territorial do Estado na Constitución Española, na lexislación galega e na Administración Local de Galicia.
2. A Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais: Títulos I, II, III e VIII.
3. O procedemento administrativo. Concepto. Procedemento e proceso. Normas reguladoras.
4. Términos e prazos. Obrigatoriedade de términos e prazos. Cómputo de prazos nos rexistros. Ampliación. Tramitación de urxencia.

PARTE ESPECÍFICA

1. Traballo Social: concepto. Fundamentos e principios. Suxeito, Obxecto e contido. Niveis de intervención
2. Técnicas utilizadas en Traballo Social. Soportes Documentais e Informáticos.

3. Instrumentos de Traballo Social: Historia social, Ficha social e Informe social.
4. Lei de Dependencia. Concepto. Obxecto. Principios fundamentais Titulares de dereitos.
5. Configuración do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.
6. Prestacións e Catálogo de Servizos de Atención do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.
7. Graos de dependencia e valoración. Recoñecemento do dereito. Financiación do Sistema e aportación dos beneficiarios.
8. Procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención (PIA). O papel do Traballador/a Social no procedemento.
9. Marco legal dos Servizos Sociais: na Constitución Española, No Estatuto de Autonomía e na Lei de bases de Réxime Local.
10. O Sistema Galego de Servizos Sociais. Principios e titulares do dereito. Estrutura do Sistema de Servizos Sociais.
11. Servizos Sociais Comunitarios Básicos
12. Servizos Sociais Comunitarios Específicos
13. Servizos Sociais Comunitarios Especializados
14. O Servizo de Axuda a Domicilio. Definición. Obxectivos. Persoas usuarias, profesionais que interveñen. Prestacións e tarefas. Organización.
15. Recursos Sociais e Prestacións existentes no Concello do Corgo. Regulamentos reguladores e ordenanzas.
16. O desemprego e a súa incidencia nos Servizos Sociais. O papel do Traballador Social.

ANEXO II MODELO DE SOLICITUDE

D/Dona
co D.N.I. núm. e con enderezo a efecto de
notificacións en
teléfono.....correo electrónico.....,
enterado da convocatoria para cubrir unha praza de TRABALLADOR/A SOCIAL, publicada no BOP núm.
de data.....

DECLARA:

1º.-Que coñece o contido das bases reguladoras desta convocatoria.

2º.-Que na data de remate do prazo de presentación de solicitudes cumpre todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases e se compromete a aportar, no prazo establecido nas bases, as acreditacións requiridas na base décima, puntos 7 e 8.

3º.-Que queda informado/a da lexitimación do Concello do Corgo para o tratamento e publicación dos seus datos persoais (nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión, no BOP de Lugo, e no seu caso, na páxina súa web e sede electrónica, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

4º.- Que declara baixo xuramento ou promete, que non foi separado/o do servizo de calquera das Administracións Públicas nin se atopa en situación de inhabilitación ou equivalente nin foi sancionado/a por infracción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Xunto coa presente solicitude, acompaño: (marcar o que proceda).

- Fotocopia compulsada da documentación acreditativa de estar en posesión do CELGA 4 ou equivalente.
- Declaración de non ter acreditado a posesión de CELGA ou equivalente.
- Acreditación da experiencia laboral como Traballador/a Social, para o que aporta:
- Certificado de vida laboral.
- Contratos de traballo.
- Certificados de empresa.
- Nomeamentos e tomas de posesión.

En vista do que SOLICITA:

Que se admita a presente solicitude, xunto coa documentación adxunta, para concorrer ao proceso selectivo incoado ao efecto da provisión da praza sinalada.

O Corgo,de.....de 202...

SR. ALCALDE DO CONCELLO DO CORGO

(Nota: No suposto de que a persoa candidata que solicite participar no proceso selectivo teña algunha discapacidade, que por motivo da mesma precise ou necesite para a realización dos exercicios dalgunha medida especial –que non a inhabiliten para o exercicio das funcións descritas na base 2.2, **deberá indicalo en documento aparte que achegará coa solicitude, debendo necesariamente aportar certificado do grao e tipo de discapacidade,** para que o tribunal poida adoptar as medidas necesarias, con carácter previo á realización das probas.)

ANEXO III**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Os criterios de cualificación do **primeiro exercicio** aplicaranse da seguinte maneira:

- A) Demostración dos coñecementos teóricos sobre os diferentes contidos dos temas sorteados, segundo o temario que acompaña ás bases.
- B) Uso de terminoloxía correcta, con linguaxe científica propia do traballo social.
- C) Desenvolvemento amplo e preciso das diferentes epígrafes nas que se estruturan os temas sorteados, segundo o temario que acompaña ás bases.
- D) Organización coherente de contidos, con claridade expositiva e de ideas. Redacción con corrección ortográfica e calidade da expresión escrita.

A cualificación de cada membro do tribunal será a suma das puntuacións que outorgue a cada un dos indicadores fixados, consonte aos seguintes intervalos:

A	B	C	D
0-5	0-2	0-1,5	0-1,5

Os criterios de cualificación do **segundo exercicio** aplicaranse da seguinte maneira:

- A) Análise do suposto proposto demostrando unha correcta aplicación dos coñecementos teóricos, normativos e metodolóxicos ao suposto práctico.
- B) Uso de terminoloxía técnica correcta, con linguaxe científica propia do traballo social.
- C) Desenvolvemento amplo e equilibrado de todas as cuestións planteadas no suposto, ofrecendo solución acorde coa lexislación aplicable.
- D) Organización coherente de contidos, con claridade expositiva e de ideas. Redacción con corrección ortográfica e calidade da expresión escrita.

A cualificación de cada membro do tribunal será a suma das puntuacións que outorgue a cada un dos indicadores fixados, consonte aos seguintes intervalos:

A	B	C	D
0-3,5	0-2	0-3	0-1,5

O Corgo, 25 de setembro de 2023.- O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 3042

Anuncio

Formulada e rendida a Conta Xeral do exercicio económico 2022, cos estados e contas a que se refire o artigo 209 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e as regras 44 á 48 da Orde Ministerial HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local; e informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 25 de setembro de 2023, expónse ao público cos documentos que a xustifican na Secretaría desta Entidade, por espazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que os interesados lexítimos poidan examinala e formular por escrito as reclamacións, reparos e observacións que estimen pertinentes, durante o prazo de exposición, de conformidade co disposto nos artigos 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; regra 49.2 da Orde Ministerial HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local, e o art. 212.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

O Corgo, 26 de setembro de 2023.- O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 3043

A FONSAGRADA

Anuncio

Procedemento: Aprobación dun Padrón Fiscal

Expediente número: 533/2023

Asunto: Anuncio no Boletín Oficial da Provincia sobre a aprobación do padrón do servizo de asistencia ao fogar no mes de agosto do 2023

Aprobado por Decreto de Alcaldía do 25 de setembro de 2023, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de agosto de 2023, polo importe total de 12.856,78 € (dependencia) e 259,20 € (prestación básica).

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA)

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 25 de setembro de 2023.- O Alcalde, Carlos López López.

R. 3044

LÁNCARA

Anuncio

De conformidade co decreto de 25 de setembro de 2023 faise pública a convocatoria para a selección de persoal laboral temporal mediante concurso oposición, no marco do Plan Único Provincial de Cooperación cos Concellos 2023, para favorecer a formación e as prácticas profesionais das persoas desempregadas na execución "Programa Reforzo do Emprego":

- 1 Oficial 1ª albanel (6 meses)
- 1 Oficial Palista (6 meses)
- 1 Oficial Tractorista (6 meses)

A convocatoria e as bases aprobadas poden consultarse na sede electrónica <http://lancara.sedelectronica.gal> e na páxina web da Deputación Provincial de Lugo.

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días naturais contados a partir do seguinte á data de publicación no BOP de Lugo.

Láncara, 26 de setembro de 2023.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 3045

Anuncio

De conformidade co decreto de 25 de setembro de 2023 faise pública a convocatoria para a selección de persoal laboral temporal mediante oposición, no marco do Plan Único Provincial de Cooperación cos Concellos 2023, para favorecer a formación e as prácticas profesionais das persoas desempregadas na execución “Programa Reforzo do Emprego”:

- 1 Auxiliar administrativo (6 meses)

A convocatoria e as bases aprobadas poden consultarse na sede electrónica <http://lancara.sedelectronica.gal> e na páxina web da Deputación Provincial de Lugo.

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días naturais contados a partir do seguinte á data de publicación no BOP de Lugo.

Láncara, 26 de setembro de 2023.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 3046

OUROL

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto de Alcaldía número 270/2023, de 7 de setembro de 2023, prestouse aprobación ao **Padrón municipal da TAXA de recollida de LIXO correspondente ao 2º TRIMESTRE de 2023.**

Por Decreto de Alcaldía número 271/2023, de 7 de setembro de 2023, prestouse aprobación ao **Padrón municipal da TAXA de AUGA correspondente ao 2º TRIMESTRE de 2023.**

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o órgano que o aprobou, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo **dun mes** dende que se entenda producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, **fíxase como prazo de ingreso en período voluntario** dous meses, a contar **dende o 2 de outubro de 2023 ata o 4 de decembro de 2023, ambos inclusive.**

ara o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A falta de pago do canon da auga da Xunta de Galicia no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de

constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremo, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ouro, 20 de setembro de 2023.- O Alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 3047

A PASTORIZA

Anuncio

EXPEDIENTE: 439/2023

ASUNTO: MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PUBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

ANUNCIO APROBACIÓN INICIAL

O Pleno do Concello na sesión ordinaria celebrada con data 21 de setembro de 2023 aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

De conformidade co disposto no artigo 17.2 do Texto Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste concello: <http://apastoriza.sedelectronica.gal>

Transcorrido o devandito prazo sen presentarse alegacións, considerarase aprobado definitivamente o devandito acordo.

A Pastoriza , 22 de setembro de 2023.- O Alcalde, Darío Cabaneiro Santomé.

R. 3048

RIBADEO

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 15 de setembro de 2023 o Padrón para o cobro conxunto das taxas por subministro de augas, recolleita de lixo e sumidoiros para o bimestre **XULLO-AGOSTO 2023**, exponse ao público a efectos de exame e reclamacións por prazo de 15 días hábiles, e queda aberto o prazo de cobro en vía voluntaria por prazo de 60 días a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no B.O.P.

A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga e coeficiente de vertedura directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, a repercusión do canon da auga e coeficiente de vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación.

Esta obriga aparece no artigo 49.7 do citado regulamento do canon da auga (Anexo do Decreto 136/2012)

Ribadeo, 15 de setembro de 2023.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R.3049

VILALBA

Anuncio

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público, quedou automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de aprobación inicial deste Concello, adoptado en data 28 de agosto do 2023, baixo a modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito, como segue a continuación:

Altas en aplicacións de gastos:

Capítulo 1	Gastos de persoal	0,00
Capítulo 2	Gastos en bens correntes e servizos	1.383.247,32
Capítulo 3	Gastos financeiros	0,00
Capítulo 4	Transferencias correntes	38.585,00
Capítulo 5	Fondo de continxencia	0,00
Capítulo 6	Investimentos reais	735.956,71
Capítulo 7	Transferencias de capital	330.000,00
Capítulo 8	Activos financeiros	0,00
Capítulo 9	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL		2.487.789,03

Altas en aplicacións de ingresos:

Capítulo 8 (870.00)	Remanente de tesourería para gastos xerais	2.487.789,03
TOTAL		2.487.789,03

Vilalba, 26 de setembro de 2023.- A Alcaldesa, M^a Elba Veleiro Fernández.

R. 3050

Anuncio

Expediente:3674/2023

Asunto: Corrección de erros

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vilalba, en sesión ordinaria celebrada en data 25 de setembro de 2023, adoptou acordo relativo á corrección de erros detectados en relación coas Bases reguladoras das probas selectivas para a provisión en réxime de interinidade do posto de Administrativo, escala: administración xeral; subescala: administrativa, sendo o literal do acordo de corrección o segue:

“Antecedentes.-

Erros advertidos no Acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vilalba, en sesión ordinaria celebrada en data 11 de setembro de 2023, en relación coa provisión en réxime de interinidade do posto de Administrativo, escala: administración xeral; subescala: administrativa, que se inclúe na subvención outorgada a esta Corporación ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023 (Número de expediente de orixe onde consta o erro advertido. 3674/2023).

En cumprimento da parte dispositiva do citado Acordo procedeuse á publicación das Bases reguladoras da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo n.º 216, do 19 de setembro -R. 2920-, abrindo prazo de presentación de solicitudes de 7 días (sete) naturais contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria.

Competencia.-

A competencia para rectificar o erro corresponde ao órgano que ditou o acto.

Lexitimación.-

O artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas dispón que as Administracións públicas poderán rectificar, en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Requisitos: Para poder aplicar o mecanismo procedementa de rectificación de erros materiais ou de feito, requírese que concorran, en esencia, as seguintes circunstancias:

- Que se trate de simples equivocacións elementais de nomes, datas, operacións aritméticas, ou transcripcións de documentos (“o erro material ou aritmético é só o erro evidente, que consiste en meras equivocacións aritmética ou operacións, permanecendo fixos os sumandos ou factores operativos, é dicir, aqueles que non transforman nin perturban a eficacia substancial do acto en que existen”).
- Que o erro se aprecie tendo en conta exclusivamente os datos do expediente administrativo no que se advirte; (“Declarando tamén a Xurisprudencia que non hai posibilidade de rectificación en caso de dúbida ou cando a comprobación do erro esixe acudir a datos que non obran no expediente”).
- Que o erro sexa patente e claro, sen necesidade de acudir a interpretacións de normas xurídicas aplicables (“non hai que esquecer que os erros de feito ou aritméticos caracterízanse por versar sobre un feito, cousa ou suceso, isto é, acerca dunha realidade independente de toda opinión, criterio particular ou cualificación, estando excluído do seu ámbito, segundo pon de relevo a xurisprudencia, todo aquilo que se refira a cuestións de dereito, apreciación da transcendencia ou alcance dos feitos indubitados, valoración legal das probas, interpretación.
- Que non se proceda de oficio á revisión de actos administrativos firmes e consentidos.
- Que non se produza unha alteración fundamental no sentido do acto (pois non existe erro material cando a súa apreciación implique un xuízo valorativo ou esixa unha operación de cualificación xurídica).
- Que non padeza a subsistencia do acto administrativo, é dicir, que non xere a anulación ou revogación do mesmo, en canto creador de dereitos subxectivos, producíndose un novo sobre bases diferentes e sen as debidas garantías para o afectado, pois o acto administrativo rectificador ha de mostrar idéntico contido dispositivo, substantivo e resolutorio que o acto rectificado, sen que poida a Administración, so pretexto da súa potestade rectificatoria de oficio, encubrir unha auténtica revisión.

Cualificación do erro.-

Erro de transcripción.

Os erros detectados circunscribense ao cadro resumo das Bases que rexen a convocatoria, nos apartados “RELACIÓN XURÍDICA: A persoa aspirante que resulte seleccionada, prestará servizos como persoal laboral do Concello de Vilalba” e “RETRIBUCIÓN: 30.843,89 €”.

Os erros a rectificar son patentes, manifestos, indiscutibles e evidéncianse da soa comprobación dos datos obrantes no propio expediente, a súa corrección non require interpretación, nin xuízo de valor algún e non representa unha alteración do sentido do acto que rectifica.

O recoñecemento destes erros non supón nin unha revisión de oficio do fondo do Acordo adoptado, nin tampouco afecta á súa propia subsistencia.

Vista a proposta de resolución PR/2023/1502 de 22 de setembro de 2023.

En virtude da atribución conferida pola lexislaciónn vixente, concretada no artigo 21 da Lei 7 /1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local e no artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, delegada na Xunta de Goberno Local segundo resolución de Alcaldía n.º 435, de 30 de xuño do 2023, este órgano colexiado, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Rectificar o erro de transcripción recaído no expediente núm. 3674/2023 advertido nas Bases reguladoras das probas selectivas para a provisión en réxime de interinidade do posto de Administrativo, escala: administración xeral; subescala: administrativa, que se inclúe na subvención outorgada a esta Corporación ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023, aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vilalba, en sesión ordinaria celebrada en data 11 de setembro de 2023, quedando o cadro resumo das Bases que rexen a convocatoria co seguinte tenor literal:

CADRO RESUMO DAS BASES DE REXEN A CONVOCATORIA

OBXECTO DAS BASES	Vistas razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia para a contratación dun funcionario para a execución do programa indicado na providencia que da inicio ao presente expediente.
RELACIÓN XURÍDICA	A persoa aspirante que resulte seleccionada, prestará servizos como persoal funcionario con carácter interino do Concello de Vilalba.
XORNADA E DURACIÓN LA RELACIÓN XURÍDICA	O aspirante nomeado prestará servizos nos termos do Acordo regulador das condicións de emprego do persoal funcionario ao servizo do Concello de Vilalba - BOP 19/01/2023
CARACTERÍSTICAS DA PRAZA	Denominación da praza Administrativo,

Grupo e escala de encadramento

escala: administración xeral; subescala: administrativa

RETRIBUCIÓNS 23.517,07 €**Segundo.-** Abrir un novo prazo de presentación de solicitudes de 7 días (sete) naturais contados dende o día seguinte ao da publicación do presente Acordo de corrección no Boletín Oficial da Provincia de Lugo**Terceiro.-** Conservar aquelas solicitudes presentadas polos aspirantes con carácter previo á efectividade do presente Acordo de corrección de erros.**Cuarto.-** Publicar o Acordo de corrección polos mesmos medios que o Acordo orixinario.**Quinto.-** Remitir o presente Acordo de corrección á Deputación Provincial de Lugo conforme ás obrigas asumidas por este concello segundo indica a cláusula 11.4 das Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023.”

Vilalba, 26 de setembro de 2023.- A alcaldesa, María Elba Veleiro Fernández.

R. 3051

XOVE*Anuncio***Anuncio nomeamento de persoal laboral fixo resultante do proceso de estabilización de emprego convocado polo concello de Xove para seis (6) praza/s de limpeza de instalacións**

De conformidade co establecido na base 13ª das Bases reguladoras que rexerán, no marco dos procesos de estabilización da disposición adicional 6ª da lei 20/2021, o proceso selectivo excepcional para o ingreso como persoal laboral fixo de seis (6) praza/s de limpeza de instalacións, polo sistema de concurso, acceso libre, incluídas na oferta de emprego público do concello de xove para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización (BOP Lugo núm. 108, do 12 de maio de 2022), mediante resolución da alcaldía de fecha 25.09.2023 acordouse contratar como persoal laboral fixo do concello de Xove, o seguinte aspirante nas seguintes prazas:

Persoa a contratar	DNI/NIE	TIPO	PRAZAS OFERTADAS
Mª JESÚS CUADRADO CASARIEGO	xxx993xxx	LABORAL FIXO	Praza de operario/a limpeza, categoría AP a xornada completa e continua: Posto RPT n.º 62 Nivel 10 Espec: 325 puntos Horario: L-V: 08:00 - 15:00 + 2 sábados al mes: 08:30 - 13:30
M.ª HOLANDA BALSEIRO FERNÁNDEZ	xxx916xxx	LABORAL FIXO	Praza de operario/a limpeza, categoría AP xornada completa e continua: Posto RPT n.º 62 Nivel 10 Espec: 325 puntos Horario: L-V: 14:00 - 21:00 + 2 sábados al mes: 08:30 - 13:30
CONCEICAO COSTA RAMADA	xxx417xxx	LABORAL FIXO-DESCONTINUO	Praza de operario/a limpeza, categoría AP fixo-descontínuo a xornada completa (seis meses xaneiro-xuño): Posto RPT n.º 62 Nivel 10 Espec: 325 puntos Horario: L-V: 08:00 - 15:00 + 2 sábados al mes: 08:30 - 13:30
LORENA GONZÁLEZ MEITÍN	xxx389xxx	LABORAL FIXO-DESCONTINUO	Praza de operario/a limpeza, categoría AP fixo-descontínuo a xornada completa (seis meses xullo-dembro): Posto RPT n.º 62 Nivel 10 Espec: 325 puntos Horario: L-V: 08:00 - 15:00 + 2 sábados al mes: 08:30 -

13:30

CELIA CORA
PARDIÑO xxx945xxxLABORAL
FIXO-
DESCONTINUO**Praza de operario/a limpeza, categoría AP fixo-
descontinuo a xornada completa (seis meses abril-
setembro):****Posto RPT n.º 62**

Nivel 10

Espec: 325 puntos

Horario: L-V: 08:00 – 15:00 + 2 sábados al mes: 08:30 -
13:30M^a CELINA
OTERO GARCÍA xxx961xxxLABORAL FIXO
PARCIAL**Praza de operario/a limpeza, categoría AP a xornada
parcial e partida (53,33 %)****Posto RPT n.º 61**

Nivel 10

Espec: 375 puntos

Horario: L-V: 08:00 - 10:00 / 14:00 - 15:30

A contratación da persoa incluída na resolución da persoa titular da Alcaldía para cubrir a praza convocada efectuarase no prazo máximo dun (1) mes desde o día seguinte ao da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Xove, 25 de Setembro de 2023.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3052

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

BASES PARA LA CONCESIÓN DE AYUDAS AL TRANSPORTE DEL ALUMNADO UNIVERSITARIO Y DE CICLOS DE FORMACIÓN DE ESTE MUNICIPIO CORRESPONDIENTES AL CURSO ACADÉMICO 2023/2024

TBDNS (Identif.): 718230

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/718230>)

1. OBJETO Y FINALIDAD DE LA CONVOCATORIA

Esta convocatoria tiene por objeto regular la concesión de ayudas para los gastos de transporte público a las distintas universidades del alumnado universitario empadronado en el Ayuntamiento de Monforte de Lemos, así como los del alumnado de ciclos medio y superior de Formación Profesional y bachillerato que tengan que desplazarse fuera del Ayuntamiento de Monforte de Lemos, por no existir oferta formativa del ciclo o bachillerato elegido en este municipio, o no haber obtenido plaza en la oferta local en el curso..

2. BENEFICIARIAS

Alumnado de enseñanzas universitarias adaptadas al Espacio Europeo de Educación Superior conducentes a títulos oficiales de Grado y enseñanzas universitarias conducentes a títulos de Licenciados o Diplomados, empadronado en el Ayuntamiento de Monforte de Lemos.

Alumnado de ciclos medio y superior de Formación Profesional y bachillerato empadronado en el Ayuntamiento de Monforte de Lemos que tenga que desplazarse fuera del término municipal, por no existir oferta del ciclo formativo en este municipio o no haber obtenido plaza en la oferta local en el curso.

3. BASES REGULADORAS.

Pueden consultarse las bases reguladoras de la presente convocatoria en la siguiente dirección: www.monfortedelemos.es en la sección de AXUDAS. Las entidades interesadas deberán presentar las solicitudes de acuerdo con los modelos normalizados que se facilitarán en el Registro general del Ayuntamiento de Monforte de Lemos, en los servicios sociales comunitarios o en la web www.monfortedelemos.es.

4. CUANTÍA.

Para la financiación de estas ayudas se destina un crédito de 25.000,00 €.

5. PLAZO DE PRESENTACIÓN DE LAS SOLICITUDES.

El plazo de presentación de solicitudes será desde el día siguiente a la publicación del extracto de las bases en el Boletín Oficial de la Provincia y hasta el 27 de octubre de 2023

MONFORTE DE LEMOS, 25 de setembro de 2023.- O ALCALDE, JOSÉ TOMÉ ROCA.

R. 3053

Anuncio

BASES Y CONVOCATORIA PARA LA CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A ASOCIACIONES CULTURALES, LÚDICAS, RECREATIVAS O FORMATIVAS INSCRITAS EN EL REGISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIONES PARA ACTIVIDADES REALIZADAS EN EL EJERCICIO 2023.

BDNS (Identif.): 718236

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/718236>)

Primero. Beneficiarios.

Podrán ser beneficiarias de las subvenciones reguladas en las presentes bases las entidades de iniciativa social a las que se refiere el artículo 30 de la Ley 13/2008, de 3 de diciembre, que realicen actividades o desarrollen proyectos de interés social para el municipio en el ámbito de los servicios sociales y que soliciten subvención con cargo a esta convocatoria y reúnan a la finalización del plazo de presentación de solicitudes los requisitos de acceso establecidos en la base 2ª y las condiciones reguladas en las bases.

Segundo. Objeto

Serán objeto de subvención el desarrollo de actividades y proyectos de carácter social que tenga como personas destinatarias últimas cualquiera de los colectivos de las distintas áreas de actuación propias de los servicios sociales primando aquellos colectivos de personas que por razón de índole económica, de salud o concurrencia de circunstancias sociales, étnicas o culturales sufran especiales dificultades respecto de la generalidad de población de precisen de una atención específica para garantizar el acceso a calidad de vida y participación social

Tercero. Bases reguladoras.

Pueden consultarse las bases reguladoras de la presente convocatoria en la siguiente dirección: www.monfortedelemos.es en la sección de SUBVENCIONES. Las entidades interesadas deberán presentar las solicitudes de acuerdo con los modelos normalizados que se facilitarán en el Registro general del Ayuntamiento de Monforte de Lemos, en los servicios sociales comunitarios o en la web www.monfortedelemos.es.

Cuarto. Cuantía.

Para la financiación de estas ayudas se destina un crédito de 3.202,43 €.

Quinto. Plazo de presentación de las solicitudes.

El plazo de presentación de solicitudes será a partir del día siguiente a la publicación del extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo y estará abierto durante 10 días hábiles.

MONFORTE DE LEMOS, 25 de setembro de 2023.- O ALCALDE, JOSÉ TOMÉ ROCA.

R. 3054